

**EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA
SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2026**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de xaneiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ -por ausencia imprevista do titular da Alcaldía-, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o primeiro suplente do concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o funcionario da Intervención Municipal, don Pedro Fernández Augusti. Adóptase conforme aos termos da orde do día o seguinte acordo:

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS
INTERNOS**

FOMENTO.- Acordouse a aprobación e posterior sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a entidade Concello de Lugo, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do primeiro semestre do ano 2026.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e primeiro suplente do concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.